



### Valoración dos Orzamentos 2020

#### Primeiros orzamentos do goberno bipartito PSOE-BNG

O BNG os poucos meses de constituída a corporación resultante das eleccións de 2019 dixo no Pleno que o goberno municipal do PSOE non contara con eles para nada, que non se fiaba de ningún deles e poucos meses despois nos atopamos ante un orzamento negociado polo BNG e polo PSOE, e dicir, estamos ante o primeiro orzamento da coalición de goberno BNG-PSOE, un BNG. Este tipo de actitudes do BNG de Caldas xa son habituais pasou cada vez que o goberno local do PSOE non tiña maioría, a sumisión as instrucións de Santiago provocanlle estas contradicións.

Primeiramente indicar que é **un orzamento presentado moi fora de prazo**, e ademais que se nos entregou con tan só unha semana para o seu estudo, coma sempre.

Tratase dun orzamento cun total de 6.433.218,28 euros, e dicir, case que 300.000,00 euros mais que o orzamento 2019, e con varios récords negativos:

- **Tratase do orzamento ca menor cifra dispoñible para investimentos**, tan só 263.518,28 euros (4,096% do total) (210.000,00 euros menos que o ano pasado que era do 7,643%), polo tanto a capacidade real de realizar obras para mellora da calidade de vida dos veciños redúcese a metade e baixa por debaixo do 5%, só 5 de cada 100 euros dispoñibles son para a partida mais importante do orzamento dun concello.
- A partida de impostos directos os veciños medra en mais de 120.000,00 euros, o igual que a partida de taxas e prezos públicos que o fai en mais de 70.000,00 euros, polo tanto **o peso do incremento deste orzamento con relación o do ano pasado cargase unicamente contra os veciños**.
- **A maior cifra de gastos de persoal que supera en 430.000,00 euros a cifra do ano pasado**, xa que pasa de 2.611.755,74 euros (42,39% dos gastos) a 3.041.978,23 euros (47,28%), polo tanto o gastos de funcionamento do Concello cada vez son mais altos, estando moi por riba da media dos concellos.

**Temos mais de 600.000,00 euros de facturas do ano 2019 pendentes de pago**, e dicir, gardadas no caixón, así o di o informe de intervención, e logo leemos na prensa que o Alcalde di que teremos un remanente de tesoureira positivo, non e de estrañar, non se pagan as facturas.

**Incumprimos reiteradamente o período medio de pago de facturas que establece a Lei, posto que no ano 2019 o PMP foi de 51,24 días.**



**Este orzamento incumpre a regra do gasto en 518.983,07 euros**, unha vez mais, e xa pasou en anos anteriores, tendo que presentar un plan económico-financieiro que foi requirido reiteradamente polo Consello de Contas, pois ben, con este orzamento temos 15 días para aprobar outro PEF por voltar a incumprir, así como aprobar un acordo de indispoñibilidade de créditos polo importe do incumprimento.

Neste orzamento **redúcese o peso da área de gasto de Actuacións de Protección e Promoción Social que pasa do 12,92% do orzamento anterior o 12,83% deste orzamento.**

**Votamos de menos varias partidas que non atopamos:**

- Para mercar urxentemente os terreos para a ampliación do estatuto.
- Para a urbanización e dotación de servizos da parcela do novo Centro de Saúde.
- Para o remate, por Vostede prometido aínda que nos consideramos un despropósito, das chanzas
- Para a urxente e necesaria nova depuradora de Carracedo.
- Para o saneamento de Paradela.
- Para a liquidación a obra situada na antiga Escola Taller (edificio multiusos) por posibles incrementos de obra, nin para mobiliario nin para a oficina de Turismo que se está a executar no antigo edificio da Fundación Comarcal.
- Para o saneamento dos tres lugares de Arcos da Condesa que Vostede comprometeu.
- Para os novos camións do lixo (rural e urbano) que agora temos alugados a prezos astronómicos.
- Para a construción do muro de Segade de Abaixo.
- Para a aportación municipal a vía verde.
- Para o pago dos terreos precisos para a rotonda na estrada Caldas-Coaxe.

**O informe de Intervención di:**

- Que a previsión de ingresos deste orzamento case seguro que non se van a cumprir, polo tanto **estamos ante un orzamento inflado artificialmente.**
- Que non se fixa ningún calendario de aplicación progresiva da RPT recentemente aprobada.
- **Non se garante a suficiencia de crédito para cobertura de moitos servizos e subministracións sen contrato.**
- que é preciso a observancia dunha estrita disciplina orzamentaria e contención do gasto posto que **existe una importante acumulación de facturas que non poden ser obxecto de pago no exercicio.**
- **O grave incumprimento legal de contemplar subvencións para compensación de déficit de dous servizos municipais con contratos vencidos dende o ano 2010 e polo tanto legalmente se título habilitante** para a prestacións destes servizos fundamentais (piscina-ximnasio municipal e gardería).
- Non se recollen consignacións orzamentarias para a liquidación a obra situada na antiga Escola Taller (edificio multiusos) por posibles incrementos de obra, nin para mobiliario nin para a oficina de Turismo que se está a executar no antigo edificio da Fundación Comarcal.



- **En materia de persoal, a maiores dos graves e enormes reparos de legalidade que emite intervención mensualmente no pago das nóminas polas irregularidades nas contratacións de persoal e prórrogas, este informe indica que os complementos específicos contemplados superan o límite máximo permitido.**
- No resto das retribucións de persoal o informe di literalmente:

*No que atinxe ao persoal temporal son múltiples as irregularidades derivadas da prolongación indefinida de contratos por obra ou servizo ou acumulación de tarefas, tratándose de necesidades de carácter permanente e existindo nalgúns dos casos, prazas dotadas orzamentariamente e vacantes para a súa cobertura.*

*Sen praza vacante de adscrición se atopan os postos de segundo Traballador social, auxiliar (servizos sociais), Monitor deportivo, e Profesores da Escola de Música. En todos os casos con contratacións temporais fraudulentas e na maioría, con recoñecemento por resolución municipal, da condición de indefinido.*

*No que atinxe á cobertura interina de postos dotados orzamentariamente, en moitos dos casos realizouse con infracción do procedemento e cunha prolongación indefinida de contratacións de duración inicial limitada (Axente de Igualdade, Animadora Sociocultural, Alguacil servizos xerais, entre outros).*

*Por Resolucións de Alcaldía, e cos informes desfavorables da Secretaría e Intervención municipal procedeuse a declaración de indefinido de varios destes traballadores en situación irregular, en moitos dos casos sen praza de adscrición.*

*No que respecta aos Servizos de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas (e anteriormente de Arquitecto) e Asesor da Oficina de Urbanismo (concertados baixo a modalidade de contratos de servizos) advertiuse nos Informes da Intervención previos á contratación administrativa do carácter laboral e non contractual da relación de servizos (véxase STS, Sala do Social de data 23/11/2009 ditada en recurso de casación en unificación de doutrina). O mesmo se advertiu reiteradamente respecto dos servizos de asesoramento Xurídico e Psicolóxico do CIM.*

*Neste punto cómpre lembrar as sentenzas recaídas no 2017 e 2018 e que recoñecen a condición de indefinido respecto dun Arquitecto, Psicóloga e Avogada contratados administrativamente polo Concello. As contratacións foron reparadas pola Intervención advertindo do fraude de lei das mesmas, e sinalando a natureza laboral das relacións. O incumprimento da normativa por parte do Concello supuxo a declaración de indefinido destes traballadores co conseguinte incremento da plantilla (incorporación da Psicóloga e Avogada e recoñecemento de trienios) ao marxe das limitacións legais orzamentarias e dos principios reguladores do acceso ao emprego público, así como o prexuízo económico correspondente derivada do alta na Seguridade Social con carácter retroactivo.*

*Resaltar neste punto o informe de Secretaría e Intervención de data 28/10/2019, respecto da proposta de OEP:*

*"Por outra banda, cómpre informar que, un dos males endémicos do emprego nas Entidades Locais, é a ocupación de postos de carácter estrutural a través de persoal laboral inicialmente contratado de xeito temporal e que por diversas circunstancias segue durante anos a desenvolver tales postos.*

*Consciente desta realidade o lexislador, en diferentes momentos, ten tentado reducir esta temporalidade e precariedade no emprego público.*

*A tal efecto o artigo 19.un.9 da LPXE para o ano 2018 contempla unha taxa adicional de estabilización do emprego, nos seguintes termos:*

*"Además de lo establecido en el artículo 19.uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, se autoriza una tasa adicional para la estabilización de empleo temporal que incluirá las plazas de naturaleza estructural que, estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2017 en los siguientes sectores y colectivos: personal de los servicios de administración y servicios generales, de investigación, de salud pública e inspección médica así como otros servicios públicos. En las Universidades Públicas, sólo estará incluido el personal de administración y servicios.*

*Las ofertas de empleo que articulen estos procesos de estabilización, deberán aprobarse y publicarse en los respectivos Diarios Oficiales en los ejercicios 2018 a 2020 y serán coordinados por los Departamentos ministeriales competentes."*

En Caldas de Reis a 12 de marzo de 2020

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620